

I CONGRESO



Converxenciaxxi

**RELATORIO
ESTRATÉGICO**

I CONGRESO CONVERXENCIA XXI

RELATORIO ESTRATÉXICO

Converxencia XXI nace como alternativa galeguista con vocación integradora. Antes de nada, cómpre facer dúas definicións do que nós entendemos por galeguismo e integración.

Converxencia XXI defínese como galeguista porque consideramos que o partido debe ser un instrumento para que a cidadanía galega poida desenvolver ao máximo as súas potencialidades sen outro límite de soberanía que a que esta, voluntariamente, decida. Somos galeguistas porque os cidadáns galegos son a nosa prioridade.

Converxencia XXI é integradora porque consideramos que ninguén sobra na tarefa de facer Galicia, independentemente da súa orixe social ou xeográfica. Para nós o galeguismo, recollendo a herdanza do Partido Galeguista da IIª República, é unha ideoloxía transversal. Así mesmo, asumimos a existencia dunha diáspora de máis dun millón de galegos residentes fóra do noso territorio como consecuencia dunha inxustiza histórica que deben xogar o seu papel no progreso de Galicia

Definidos, pois, os dous principais piares sobre os que se asenta a nosa formación, este relatorio vai dar resposta a como temos que plasmar a nosa praxe nos principais ámbitos de actuación durante os vindeiros anos: institucional, político e social.

1. Institucións

1.1. España

Se hai unha certeza nestas datas é que España está nunha profunda crise institucional. A falta de consenso entre os dous principais partidos políticos provoca unha situación de provisionalidade en determinados órganos constitucionais; abonda con lembrar a non renovación dos membros do Tribunal Constitucional ou a situación de interinidade na que se atopa o cargo de

“Defensor del Pueblo”, coa súa secretaria exercendo en funcións dende o mes de xullo.

É salientable que estas dúas situacións non son, nin moito menos, casuais. O que se constata é unha creba xeracional clara entre os políticos que realizaron o proceso de Transición cara á democracia e aqueles que non viviron ese proceso. A fin (por causas biolóxicas) do espírito dun mínimo consenso que caracterizou o período da primeira Transición posibilita unha actitude irresponsable por parte dos dous partidos que están chamados a alternarse no Goberno Central. Proba disto é que o último nomeamento consensuado entre PP e PSOE foi o de presidente da Corporación de RTVE, e para iso tiveron que recorrer a un ex ministro de UCD de moi avanzada idade (81 anos), Alberto Oliart.

No que a nós nos compete máis directamente, nos últimos meses quedou fixado o límite das aspiracións autonómicas de forma clara; a sentenza do Tribunal Constitucional referente ao “Estatut” de Catalunya trascende o ámbito catalán e pon o seguinte teito competencial:

- Imposibilitase o exercicio dun Poder Xudicial autónomo e o Consejo General del Poder Judicial retén toda a súa potestade sancionadora. Queda pechada a porta para esixirlles aos xuíces o coñecemento dos idiomas propios de cada territorio.
- Elimínase a obrigatoriedade xurídica con carácter xeral de coñecer os idiomas propios das CA do Estado, razón pola cal seguen a estar nunha posición supeditada ao castelán.
- O Estado retén as competencias en redistribución territorial dos tributos e o TC pecha a porta a calquera tipo de fiscalización por parte dos gobernos autonómicos. En principio, elimínase a posibilidade de obter un sistema de Concerto Económico para as CA de réxime común (entre elas Galicia).
- Auméntase a discrecionalidade do Estado no ámbito das competencias compartidas coas Administracións Autonómicas.
- O TC permite que o Estado actúe en competencias xa transferidas, caso de Cultura, Dereito Civil e Inmigración.

Esta LOHAPA encuberta que leva a cabo o TC afonda no desprestixio das institucións españolas. Queda meridianamente claro que o sistema que lle vai aos poderes executivo, lexislativo e xudicial de España é o do pacto a curto prazo. A palabra que poden ter os representantes dos partidos políticos estatais ten un valor tan baixo que a única praxe con garantías é o debate e presión lei por lei para lle arrincar concesións ao Estado.

Paralelamente a este desprestixio xeralizado no eido institucional, estamos inmersos nunha fase de crise económica que evidenciou (afortunadamente) a falla de soberanía real de España. A presión da chanceleresa alemá Angela Merkel e do presidente dos EUA Barack Obama forzou o goberno español a levar a cabo unhas medidas de axuste económico que puideron evitarse en gran parte ou cando menos minimizalas, de se tomaren cando a crise era xa unha evidencia mundial, alá polo outono do ano 2008. A negligencia do goberno de José Luis Rodríguez Zapatero é, en gran parte, a causa de que en España (e nomeadamente en Galicia) esta situación se estea a vivir dunha maneira máis dura ca no resto da Unión Europea.

Converxencia XXI, dende os medios que teña ao seu alcance, ten que levar a cabo en política estatal un traballo de fiscalización lei por lei co obxecto de que a cidadanía galega poida coñecer a incidencia real que estas teñen na súa vida diaria. A falta dunha presión e de intereses contrapostos pode (e debe) servirnos para poder marcar posicións claras e nidias en base ás nosas convicións que poidan chegar ao conxunto da cidadanía galega.

1.2. Xunta de Galicia

O balance do primeiro ano de goberno de Alberto Núñez Feijóo pódese definir nunha palabra: demoledor. Ninguén, en case 30 anos de Estatuto de Autonomía, fixo tanto en tan pouco tempo por diluír os sinais de identidade que nos distinguen como sociedade diferenciada e con vontade de ser. Dende o inefable Decreto do Galego, que elimina as posibilidades de extensión do uso do galego no ensino e que deixa todo ao albur do “laissez faire” de cada centro, até o bloqueo permanente á hora de formular unha reforma estatutaria que actualice o noso autogoberno, pasando por unha maquillaxe de falsa austeridade e o incumprimento da promesa de baixar os impostos de bens patrimoniais, o PP actuou máis que nunca coma o que sempre foi: unha delegación noroeste dunha compañía domiciliada en Madrid. A diferenza entre a era de Fraga e a actual é que agora non teñen ningún pudor en transmitilo a todo o orbe, mesmo coa presenza de conselleiros monolingües en castelán.

Malia a este panorama tan desolador, dende Converxencia XXI pódese extraer unha conclusión interesante: por primeira vez, existe un risco de fractura interna entre as diversas capas electorais que durante estes trinta anos teñen apoiado convocatoria tras convocatoria, primeiro a Alianza Popular, e logo o actual PP. A contradición entre a base tradicional de apoio do PP, de extracción rural, e a cada vez máis importante e mobilizada base de apoio urbana, en parte, galegófoba, pon de manifesto a imposibilidade a longo prazo por parte dos “populares” de manter ambos os dous grupos sociais satisfeitos. Neste senso, e aínda que anecdótico, é significativo que algúns afiliados do PP con certa relevancia social

se teñan desmarcado publicamente destas políticas levadas a cabo por Feijóo, nomeadamente no tema lingüístico.

Converxencia XXI ten que traballar en dúas vías a medio prazo: en primeiro lugar, é importante que os dirixentes do partido evidencien, sempre que sexa posible, a agresión aos dereitos dos galegofalantes que supón a política lingüística de Feijóo para intentar conectar con estes sectores sociais que, en parte, empezan a percibir o PP como un partido alleo, un partido non galego. En segundo lugar é prioritario que Converxencia XXI redacte unhas Bases para un Estatuto de Autonomía de Galicia que sirva de punto de partida para unha proposta de mellora do autogoberno que poida estar ao alcance de toda a cidadanía; o claro agravio comparativo que supón o feito de que a maioría das Comunidades Autónomas teñan reformados os seus Estatutos de Autonomía mentres que en Galicia non houbo reforma polo bloqueo do PP ten que ser solventado canto antes, e a cidadanía, nun momento de crise económica, só percibirá que un novo Estatuto é positivo para Galicia se existen propostas en firme que poidan evidenciar as posibilidades de mellora para a cidadanía que suporía un novo ordenamento xurídico.

1.3 Concellos e Deputacións Provinciais

En 2011 hai unhas eleccións municipais que renovarán a composición das 315 corporacións municipais de Galicia. É, polo tanto, a primeira convocatoria electoral á que nos enfrontamos como partido político. Intentaremos potenciar as sinerxias entre concellos e o aproveitamento dos recursos comúns.

Converxencia XXI ten que primar, na presentación de listas municipais, a calidade sobre a cantidade. Somos un proxecto a medio e longo prazo e, consecuentemente, priorizaremos a formación de listas electorais naqueles concellos onde teñamos presenza de afiliados. Porén, e como forza de integración que somos, estaremos abertos á formación de candidaturas por parte de persoas que teñan pertencido a anteriores corporacións naqueles concellos onde non teñamos presenza, sempre que exista unha compatibilidade entre estes e o ideario do partido.

Nunha hipotética política de pactos é claro que as dinámicas de cada concello son moi particulares é que, polo tanto, os nosos concelleiros deben ter liberdade para pactar con quen consideren oportuno, sempre que se respecten uns mínimos de ética esixibles. Para calquera pacto postelectoral haberá que analizar con atención as coincidencias programáticas con outras forzas pero, sobre todo, a traxectoria previa destas na anterior corporación.

Xunto coas eleccións municipais, renóvanse tamén as catro deputacións provinciais nas que se divide Galicia. Convergencia XXI ten manifestado a súa oposición á existencia destes entes decimonónicos, inoperantes e que só serven para perpetuar o clientelismo. No caso de acadar algún deputado provincial, a operativa de Convergencia XXI irá encamiñada a baleirar de contido estes entes e transferir, na medida do posible, as súas competencias e recursos financeiros aos concellos. Os nosos deputados provinciais destinarán o 40% do seu soldo a un fondo que se dirixirá á compra dalgún tipo de equipamento municipal.

2. Ámbito político

2.1 A unidade do galeguismo

A existencia de Convergencia XXI só se pode explicar ante unha clara situación de carencia dunha forza política que fose quen de chegar a todas as capas sociais do noso país. O galeguismo con forza parlamentaria durante os últimos vinte anos representado polo BNG amosou as súas limitacións e a súa incapacidade de atraer sectores da sociedade fóra da esquerda tradicional. Como xa comentamos no inicio deste relatorio, un dos obxectivos de Convergencia XXI pasa por abranguer no seu seo todas aquelas persoas e forzas políticas con vocación galeguista que asuman un ideario transversal, posto que consideramos que esa é a evolución natural do galeguismo a medio prazo.

Na actual situación dun ano e poucos meses de vida como partido político, non temos que ter problema en recoñecer e asumir que, a día de hoxe, aínda hai máis galeguismo fóra de Convergencia XXI que dentro. O actual panorama do galeguismo está fragmentado en grupos máis ou menos pequenos con escasa representatividade social. Asumimos a necesidade de manter abertas canles de diálogo permanentes con aquelas forzas políticas que manteñan un ideario similar ao noso en vistas a unha posible unidade de acción en determinados temas, paso previo á desexable integración de todas estas forzas no proxecto común que aspira a ser Convergencia XXI.

2.2 Relacións con outras forzas políticas

A anormalidade da situación política en Galicia, tanto na Xunta, coma nos concellos e nas deputacións provinciais resúmese na existencia de dous claros bloques: o bloque conservador representado polo PP e grupos independentes afíns, e o bloque de esquerdas representado por PSOE e BNG. Esta anormalidade favorece a crispación política e dificulta a consecución de consensos duradeiros.

Convergencia XXI aspira a ocupar a centralidade da vida política política. Neste sentido, queremos manter o mesmo nivel de interlocución con todas as forzas

políticas con representación nas institucións galegas e non faremos ningunha discriminación, fóra das baseadas no respecto aos valores da democracia. Aínda que xa temos feito unha referencia á cuestión dos pactos postelectorais, reiteramos a nosa disposición a chegar a acordos globais con todas as forzas políticas, sempre que os intereses dos cidadáns galegos sexan a prioridade.

2.3 Relacións exteriores

Converxencia XXI conseguiu estar presente nas xuntanzas do ELDR como representante galego. Este fito ten capital importancia posto que queda visualizada a afinidade da nosa forza política co terceiro grupo en importancia do Parlamento Europeo. Neste senso, a operativa de Converxencia XXI ten que ir encamiñada a longo prazo á membresía da nosa forza política tanto no ELDR (Partido Liberal, Demócrata e Reformista Europeo) coma na Internacional Liberal. Celebramos o ingreso da GALIDEM no European liberal Forum.

Como partido galeguista que somos, non podemos obviar os contactos con aquelas forzas políticas do Estado que compartan con nós a aspiración dun cambio constitucional que recoñeza a condición plurinacional do Estado Español, aínda que estas non pertencen á familia estritamente liberal. Convén, pois, manter canles de comunicación abertas para aquelas cuestións onde poida haber unha actuación conxunta.

3. Ámbito social

3.1 Sociedade civil

Nós, como forza aberta e de integración, cremos no valor da sociedade civil e na súa autonomía. Creemos que é positiva a existencia dun tecido asociativo forte e vivo e que a actual era da Globalización favorece que cada persoa poida asociarse dunha forma flexible en base a obxectivos ou intereses específicos sen necesidade de se afiliarse aos partidos políticos. Ao contrario que outras formacións políticas, cremos que estes movementos teñen que conservar a súa autonomía xenuína e que, en todo caso, a nosa función como forza que aspira a ofrecer un proxecto integral de País é a de manter un diálogo aberto con todos aqueles que poidan achegar a súa opinión. Para poder manter este diálogo fluído pode ser útil a creación de grupos de traballo sectoriais onde estean aqueles afiliados con coñecementos específicos nalgunha materia.

3.2 Medios de comunicación

Unha das grandes vantaxes da sociedade global é a posibilidade de difundir a nosa mensaxe sen grandes custes. A existencia de internet e nomeadamente das

redes sociais como Facebook, facilita a interconexión de persoas con intereses similares sen a necesidade de que estas se coñezan previamente. Se Convergencia XXI conseguiu ser o que hoxe é explícase, en gran medida, grazas ao uso intelixente que dende a Executiva de Convergencia XXI se ten feito das tecnoloxías da comunicación. Esta estratexia de difusión da nosa mensaxe ten que se estender, na medida do posible, tamén entre os nosos afiliados.

Canto aos medios de comunicación tradicionais temos que partir da seguinte base: Convergencia XXI é unha clara ameaza ao “statu quo” da política galega. No caso de medios de titularidade pública, estes están sometidos ao férreo control do goberno que lle toque. Temos que seguir apostando por aproveitar polo tanto as canles que as redes sociais nos ofrecen.

3.3 Medio ambiente

Segundo os nosos estatutos unha das nosas finalidades é lograr un sistema económico respectuoso co entorno natural. O noso medio natural consitúe un dos grandes valores do país e coidamos que é un factor de crecemento social e económico que reporta múltiples beneficios para a sociedade. Ao tempo do aproveitamento, Convergencia XXI comprométese a ordear, conservar e protexer a riqueza dos nosos ecosistemas e o medio ambiente da Comunidade autónoma de Galicia.